



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS DE MESA

TITULO I

DISPOSICIONS XERAIS

CAPITULO PRIMEIRO

Artigo 1.- A Federación Galega de Tenis de Mesa (en diante FGTM) é unha entidade privada, con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro, o seu ámbito territorial comprende a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das competencias que lle son propias, estando integrada polas entidades deportivas, deportistas, xuíces e árbitros adicados á práctica do deporte do Tenis de Mesa.

A FGTM, ademais das competencias que lle son propias, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo actuando como axente colaborador da Administración Pública.

Artigo 2.- A FGTM organizarase orgánica e funcionalmente de forma democrática e representativa, con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente do dos seus asociados, e plena capacidade de obrar, coas limitacións sinaladas pola lei e disposicións vixentes, e pode adquirir, para os seus propios fins bens de tódalas clases, móbeis e inmóbeis, contratar e obrigarse para o cumprimento das súas finalidades e está suxeita ás súas propias responsabilidades.

A FGTM estará integrada na Federación Española de Tenis de Mesa ostentando de xeito exclusivo a representación desta na Comunidade Autónoma de Galicia no referente ao deporte do Tenis de Mesa, conservando en tal integración a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio propio e diferenciado, o seu presuposto e o seu réxime xurídico particular.

Artigo 3.- A FGTM ten como obxecto social promocionar, dirixir e ordenar exclusivamente dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das diferentes Administracións Públicas, as actividades propias do Tenis de Mesa, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia, e rexerese por estes estatutos e os seus regulamentos, polos da Federación Española de Tenis de Mesa, no que lle sexan aplicables, e polas disposicións que dite a Xunta de Galicia e, supletoriamente, a Administración do Estado.

A FGTM é a única entidade competente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para promocionar, regulamentar, organizar, xestionar e controlar as competicións oficiais do Tenis de Mesa.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 4.- A FGTM, dentro da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, ademais das súas funcións propias de promoción, goberno, administración, xestión e organización do Tenis de Mesa exercerá, baixo a coordinación e tutela da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo:

- a) A promoción e divulgación do Tenis de Mesa en tódalas súas facetas.
- b) Encauzar aos deportistas na práctica do Tenis de Mesa mediante os oportunos cursos de iniciación, formación e perfeccionamento.
- c) Apoiar técnica e administrativamente a práctica do Tenis de Mesa velando ante os organismos competentes polo apoio a esta modalidade deportiva dentro de Galicia.
- d) Cualificar e organizar as actividades e competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico galego.
- e) Exercer a potestade disciplinaria sobre os integrantes da Federación nos termos previsto na lei.
- f) Exercer o control das subvencións que asignen as asociacións e entidades deportiva nas condicións que fixe a Secretaria Xeral para o Deporte.
- g) Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Galego de Disciplina Deportiva.
- h) Calquera outras que lle sexan outorgadas pola Lexislación vixente ou que acorde no ámbito da súa competencia a Asemblea Xeral.

Os actos realizados pola FGTM no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo, son susceptibles de recurso diante do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública, e as súas resolucións esgotan a vía administrativa.

Artigo 5.- O domicilio social da FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS DE MESA establecece na rúa Luís Ksado, 16 L20, código postal 36209, do Concello de Vigo, na provincia de Pontevedra.

A Comisión Delegada, por maioría dos seus membros e cando as circunstancias o aconsellen, poderá acordar o cambio de domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade de Galicia, será preciso o acordo maioritario da Asemblea Xeral, nábolos dous casos, o traslado do domicilio social deberá ser notificado aos afiliados e á Secretaría Xeral para o Deporte.

Por acordo da Asemblea Xeral, e a efectos puramente de organización interna, poderanse establecer delegacións da FGTM nas localidades de Galicia, que decida a citada Asemblea.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgfm.es
E-mail: secretariafgfm@fgfm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CAPITULO SEGUNDO

REQUISITOS PARA SER MEMBRO DA FEDERACIÓN, DEREITOS E OBRIGAS

Artigo 6.- As entidades deportivas poderán integrarse, a petición propia, na FGTM sempre que teñan o seu domicilio social e desempeñen a súa actividade en Galicia e se atopen constituídas conforme os requisitos esixidos para cada modalidade pola lexislación vixente e inscritos no Rexistro de Clubs, Federacións e Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, debendo comprometerse a cumprir os Estatutos e regulamentos da FGTM e someterse á autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia.

Os mesmos criterios e requisitos, no que sexa de aplicación, rexirán para a integración na FGTM dos deportistas, técnicos, adestradores, xuíces e árbitros.

Artigo 7.- A integración na FGTM conlevará a integración automática e a tódolos efectos na Federación Española de Tenis de Mesa.

Artigo 8.- A integración na FGTM producirase mediante a expedición por parte desta da correspondente licenza federativa ou documento de filiación ou inscrición. Dita expedición será acordada pola Xunta Directiva da FGTM.

Contra a denegación, que deberá ser motivada, caberá recurso diante da Asemblea Xeral.

En todo caso, para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico será preciso estar en posesión da licenza ou documento de filiación expedido pola FGTM.

Artigo 9.- Tódolos membros da FGTM teñen dereito a recibir a tutela da mesma con respecto aos seus intereses deportivos comúns e individuais, así como a participar nas súas actividades e no funcionamento dos seus órganos, de acordo cos presentes estatutos e cos regulamentos internos da mesma. Os membros da FGTM teñen, á súa vez o deber de acatar os acordos dos seus órganos, sen que isto impida o seu dereito a recorrer, diante das instancias federativas competentes e, no seu caso, diante dos Tribunais de Xustiza ou da Secretaría Xeral para o Deporte, segundo proceda, aqueles que consideren contrarios a dereito, e sen prexuízo de acudir ó conciliación extraxudicial ou arbitraje nos termos previstos nas Leis.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CAPITULO TERCEIRO

ESTRUCTURA TERRITORIAL

Artigo 10.- A FGTM estruturarase territorialmente en Delegacións Zonais. Cada Delegación Zonal quedará integrada polas entidades deportivas, deportistas, adestradores, xuíces e árbitros, que correspondan no ámbito territorial fixado pola Asemblea Xeral para cada Delegación Zonal.

Artigo 11.- As Delegacións Zonais axustaran a súa actividade ás normas ditas pola FGTM a través dos órganos que corresponda e, directamente, do seu Presidente.

Artigo 12.- Á fronte de cada Delegación Zonal estará un Delegado que será nomeado e cesado polo Presidente da FGTM, de acordo co artigo 32 dos presentes estatutos.

A composición do equipo directivo da Delegación Zonal e a competencia do mesmo, será de libre facultade do Delegado da Delegación Zonal, o que dará conta ao Presidente da FGTM.

TITULO II

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

CAPÍTULO PRIMEIRO

NORMAS XERAIS

Artigo 13.- Son órganos de goberno e representación da FGTM, a Asemblea Xeral e o Presidente.

No seo da Asemblea Xeral deberá constituirse unha Comisión Delegada de asistencia á mesma.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 14.-

- 1) Serán órganos electivos da FGTM o Presidente, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada no ámbito das súas respectivas competencias.
O membros dos demais órganos e comités, serán designados e revocados libremente polo Presidente coas excepcións previstas nos presentes estatutos.
- 2) O nomeamento ou a renovación dos membros dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios, e dos comités que puideran crearse dentro da FGTM, deberán ser comunicados a tódolos membros da Asemblea Xeral e á Secretaría Xeral para o Deporte nun prazo máximo de 15 días a partir da data do nomeamento.
- 3) Os órganos de goberno e representación reuniranse na forma e termos establecidos nestes estatutos; os seus acordos, agás disposición expresa que dispoña o contrario adoptaranse por maioría simple; no caso de empate o Presidente terá voto de calidade. Os acordos poderán ser impugnados de conformidade co disposto na lexislación aplicable e nos presentes estatutos.
- 4) A responsabilidade dos membros dos órganos da FGTM no exercicio das súas funcións será esixida no ámbito disciplinario de conformidade co disposto no Real Decreto 1591/1992 de 23 de decembro, e nos ámbitos civil e penal de acordo coa lexislación xeral de aplicación.
- 5) Son requisitos xerais para ser membro de calquera órgano da FGTM, sen prexuízo do establecido regulamentariamente, os seguintes:
 - a) Te-la condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
 - b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
 - c) Non estar suxeito a correccións disciplinarias de carácter deportivo que o inhabiliten.
 - d) Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
 - e) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade establecida legalmente ou nos presentes estatutos.
 - f) Reunir os requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.

CAPITULO II

DA ASEMBLEA XERAL



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

SECCIÓN PRIMEIRA

NATUREZA, COMPOSICIÓN, NOMEAMENTO E CESE

Artigo 15.- A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno e representación da FGTM.

Artigo 16.- A Asemblea Xeral estará constituída polo Presidente da FGTM e polos representantes das entidades deportivas, os deportistas, os técnicos/adestradores e os xuíces/árbitros.

As entidades deportivas no poderán ser membros da Asemblea Xeral, se no intre da convocatoria de eleccións non figuran inscritos no Rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

Os compoñentes da Xunta Directiva e os Delegados Zonais, só por ese carácter poderán asistir ás reunións da Asemblea, con dereito a voz pero sen voto.

Artigo 17.- A Asemblea Xeral estará integrada por 40 membros electos, e a representación dos estamentos sinalados anteriormente responderá ás seguintes proporcións:

- 70% entidades deportivas, correspondendo 28 membros
- 20% deportistas, correspondendo 8 membros
- 5% adestradores e técnicos, correspondendo 2 membros
- 5% xuíces e árbitros, correspondendo 2 membros

Artigo 18.- A convocatoria de eleccións deberá indicar expresamente o número de membros da Asemblea Xeral e o de cada un dos estamentos.

Artigo 19.- Os membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada cesarán polas seguintes causas:

- a) Defunción
- b) Disolución da entidade á representan
- c) Expiración do mandado para o que foi elixido
- d) Renuncia voluntaria ou dimisión
- e) Estar incurso en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria
- f) Sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cese no cargo que ostenta
- g) Perda dos requisitos polos que foron elixidos no seus respectivos estamentos

Artigo 20.- As vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións xerais á mesma, serán cubertas, dentro de cada estamento de xeito sucesivo, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falla destes, mediante a realización de eleccións parciais sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da Asemblea.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Os elixidos para ocupar as vacantes ás que se refire o apartado anterior ostentarán o seu mandado polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

SECCIÓN SEGUNDA

RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

1.- COMPETENCIAS

Artigo 21.- A Asemblea Xeral, como máximo órgano de goberno e representación da FGTM, pode adoptar calquera acordo ou decisión sobre a mesma, con sometemento ás regras da competencia e procedemento. Especialmente son competencias da Asemblea Xeral as seguintes:

- 1) A aprobación e modificación dos Estatutos da FGTM.
- 2) A elección mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto do Presidente e da Comisión Delegada da FGTM, así como o cese e da moción de censura ao Presidente.
- 3) Aprobación e liquidación do presuposto anual da FGTM.
- 4) Aprobación do programa e calendario deportivo anual a desenvolver pola FGTM e das bases e regulamentos que rexerán a competición.
- 5) Aprobación da creación das Delegacións Zonais da FGTM.
- 6) Aprobación do Regulamento e Eleccións á Asemblea, Presidente e da Comisión Delegada da FGTM.
- 7) Aprobación do Regulamento sobre conciliación ou arbitraje.
- 8) Aprobación do Regulamento de disciplina deportiva.
- 9) Calquera outra competencia da FGTM que non estea expresamente atribuída polos presentes estatuto a outro órgano da FGTM.

2.- CONVOCATORIA

Artigo 22.- A Asemblea Xeral será convocada polo Presidente da FGTM, cun mínimo de 10 días naturais de antelación á data da súa celebración, no taboleiro de anuncios ademais da notificación individual a cada un dos membros á dirección que deberá constar na FGTM 30 días antes da data da convocatoria; a notificación remitirase por calquera medio que permita ter constancia da recepción cunha antelación mínima de 48 horas.

Os defectos formais na convocatoria non darán lugar á anulación da Asemblea sempre e cando os membros da mesma recibisen a convocatoria coa orde do día no prazo



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

establecido e, en todo caso, a Asemblea será válida, sen necesidade de ningún outro requisito, sempre que concorran a totalidade dos membros da mesma.

A orde do día poderá ser modificado, no sentido de incorporar novos puntos, a petición fundada dunha quinta parte dos membros da Asemblea Xeral e sempre que esta incorporación se solicite cunha marxe de tempo suficiente para que poida ser notificada a tódolos membros da Asemblea Xeral mediante a notificación e a publicación no taboleiro de anuncios da FGTM cunha antelación mínima de 3 días á data da celebración.

Artigo 23.- O Presidente da FGTM deberá convocar unha Asemblea Xeral Ordinaria anualmente antes do inicio da nova tempada deportiva para tratar os asuntos propios da xestión ordinaria e, como mínimo, para a aprobación da Memoria Anual de actividades, a aprobación do novo presuposto e a liquidación do anterior, aprobación do calendario deportivo e das regras que rexerán a competición e o exame e consideración das propostas que formulen os membros da Asemblea, da Comisión Delegada, da Xunta Directiva e do Presidente.

Tódalas demais Asembleas terán carácter extraordinario e serán convocadas polo Presidente da FGTM sempre que o estime oportuno, ou a petición dun número de membros que integran a Asemblea non inferior ao 25%. Neste caso, os solicitantes deberán formular unha petición por escrito dirixido ao Presidente da FGTM, indicando os puntos que integrarán a orde do día. O Presidente, no prazo máximo de 10 días naturais desde a entrada da petición no rexistro da FGTM deberá convocar a Asemblea Xeral con carácter extraordinario, cos requisitos de forma sinalados nestes estatutos, e coa orde do día solicitado, sen incluír ningún outro punto, a celebrar nun prazo non superior a 20 días naturais desde a convocatoria. No caso de negativa expresa do Presidente a efectuar a convocatoria, ou pasados 10 días desde que a solicitude foi efectuada sen ser respondida, os solicitantes poderán facer uso dos dereitos que a lexislación vixente establece, diante da Secretaría Xeral para o Deporte para a convocatoria dos órganos colexiados de goberno.

Cando o Presidente da FGTM aprecie a existencia dunha situación urxente que non permita a demora na convocatoria da Asemblea Extraordinaria, poderá convocala sen estar suxeita a prazo nin requisito de forma algunha agás a citación persoal dos asembleístas que poderán ser localizados nos domicilios que consten na FGTM. En todo caso a Asemblea requere como mínimo a presenza de 2/3 dos seus membros e antes de analizar a orde do día pronunciarase previamente, por maioría dos asistentes, sobre a urxencia da convocatoria e a necesidade ou non da súa celebración. En todo caso nunha Asemblea convocada deste xeito non poderán modificarse os estatutos.

Artigo 24.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria, cando a ela concorran a maioría dos seus membros.

En segunda convocatoria será válida sexa cal sexa o número de asistentes. Deberá mediar un mínimo de media hora entre a primeira e a segunda convocatoria.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

3.- ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 25.- Non será admisible en modo algún para a formación da vontade dos órganos colexiados da FGTM nin para o establecemento do seu quórum o voto por correo nin a delegación de voto sendo, por tanto, necesaria a presenza física dos seus membros. Exceptúanse as eleccións dos membros da Asemblea Xeral, se así se aprobase no Regulamento Electoral.

Con carácter excepcional as entidades deportivas poderán ser representadas de conformidade cos seus propios estatutos, pero o representante non poderá ser membro da Asemblea Xeral.

Ninguén poderá ostentar na Asemblea Xeral máis dunha delegación de voto.

Artigo 26.- As votacións no seo da Asemblea Xeral realizáronse na forma e pola orde que a Presidencia estableza, sendo esta a decidirá se son ordinarias, nominais ou secretas; se polo menos o 25% dos asistentes solicita unha modalidade determinada, o xeito de votación decidírase por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral.

Artigo 27.- A Asemblea Xeral será presidida polo Presidente da Federación, e o seu voto será de calidade no caso de empate. Os acordos adoptaranse po maioría simple dos asistentes.

Aos efectos de cómputo de quórum e maiorías, cando estes se conformen cun número inexacto de assembleistas, computaranse sempre por exceso e con referencia ao número daqueles efectivamente existentes como membros da Asemblea, descontadas as vacantes.

Artigo 28.- De tódolos acordos adoptados na Asemblea Xeral e Comisión Delegada, levantarase acta polo Secretario das mesmas, especificando o nome das persoas que interviron e as demais circunstancias que se consideren oportunas, contido dos acordos adoptados, o resultado da votación e, no seu caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.

Os votos contrarios ao acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán a quen os emita de calquera responsabilidade derivada de ditos acordos.

Artigo 29.- Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada serán vinculantes e de obrigado cumprimento para a totalidade dos órganos, persoas e entidades que integran a Federación e terán forza executiva a partir da data da súa adopción.

Artigo 30.- A Asemblea Xeral non poderá adoptar ningún acordo ou realizar ningún acto que poida comprometer de xeito irreversible o seu patrimonio ou a actividade que constitúe o obxecto propio da FGTM.

No caso de dúbida ou a petición dun 5% dos membros con dereito da Asemblea, será requisito imprescindible a emisión dun informe favorable, por parte dos organismos competentes da Xunta de Galicia.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CAPITULO III

DA COMISIÓN DELEGADA

NATUREZA, CONSTITUCIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO

Artigo 31.-

- 1) No seo da Asemblea Xeral deberase constituir unha Comisión Delegada que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da FGTM.
- 2) A Comisión Delegada será elixida pola Asemblea Xeral na primeira reunión que esta celebre despois da súa constitución mediante sufraxio entre os membros da mesma. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral.
- 3) O número de membros da Comisión Delegada será o 15% do número de membros que os presentes estatutos fixan para a Asemblea Xeral. En ningún caso este número será inferior a 5 nin superior a 15.
- 4) O Presidente da Federación convocará a Comisión Delegada que se reunirá como mínimo cada 4 meses para os fins da súa competencia e polo menos realizar o seguimento da xestión deportiva e económica da FGTM.
- 5) Corresponde á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:
 - a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos presupostos.
 - b) A modificación do calendario deportivo.
 - c) A modificación dos presupostos e dos regulamentos.
 - d) O seguimento da xestión deportiva e económica da FGTM.

As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza.

A proposta sobre os temas que se van a tratar na Comisión Delegada corresponde ao Presidente ou aos dous terzos dos membros da Comisión Delgada.

CAPITULO IV

DO PRESIDENTE

Artigo 32.- O Presidente da FGTM é o órgano de goberno e representación que ostenta a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os acordos dos mesmos. O Presidente poderá nomear delegados nas localidades



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

aprobadas pola Asemblea Xeral, que actuarán seguindo as instrucións daquel e por delegación as funcións que lle encomenden. Ditos delegados poderán ser cesados ou substituídos polo Presidente segundo o seu criterio.

Artigo 33.- A duración do cargo de Presidente será de 4 anos.

No caso de que excepcionalmente, quede vacante a Presidencia antes de que transcorra o prazo para o que foi elixido, considerarase dimisionaria toda a Xunta Directiva, constituíndose a Comisión Delegada en Comisión Xestora, presidida polo membro de maior idade. Convocará á Asemblea Xeral, que acordará unha nova elección de Presidente para cubrir a vacante polo tempo que falte ata a terminación do prazo correspondente ao mandado ordinario. Se a vacante se produce por prosperar unha moción de censura, estarase so disposto no artigo 36 destes estatutos.

Artigo 34.- O desempeño do cargo de Presidente será causa de incompatibilidade coas seguintes actividades:

- a) Ocupación de cargos directivos noutras Federacións Deportivas; exceptuándose a Federación Española de Tenis de Mesa.
- b) Desenvolvemento de actividades ou desempeño de cargos en asociacións deportivas, ou clubs dependentes integrados na FGTM.
- c) A persoa que resulte elixida como Presidente da FGTM deberá cesar en todo tipo de actividades directivas no deporte específico e no ámbito territorial da FGTM, e non existirá incompatibilidade, en ningún caso, coa práctica activa do Tenis de Mesa.

Artigo 35.- O Presidente cesará por:

- a) Transcurso do prazo polo que foi elixido.
- b) Dimisión.
- c) Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Por incorrer en causa de inelixibilidade, ou incompatibilidade. Neste último caso disporía dun prazo dun mes para cesar no posto que resulte incompatible co de Presidente.

Artigo 36.- A moción de censura ao Presidente poderá ser presentada polos membros da Asemblea Xeral que constitúan polo menos un 20% da mesma mediante escrito presentado no Rexistro da FGTM. En dita petición deberán solicitar do Presidente a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria con dita moción como único punto da Orde do Día así como propoñer un candidato alternativo á Presidencia.

No caso de prosperar a moción de censura, que se votará nun sistema de dobre volta, debendo acadar a maioría absoluta de membros que compoñen a Asemblea na primeira ou maioría simple de asistentes na segunda, celebradas cunha hora de diferenza, o candidato quedará investido, cun mandado polo prazo que falte para rematar o período ordinario.

Para a convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria á que se refire este artigo, estarase ao disposto no artigo 22 destes estatutos. A sesión da Asemblea Xeral no que



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

se debata a moción de censura, estará presidida polo membro de maior idade. Non será válido o voto por correo nin a asistencia por representación.

Se a moción de censura non prosperase, non se poderá presentar unha nova dentro do mesmo período do mandado, como tampouco se poderá presentar, caso de prosperar, contra o candidato investido en dita moción polo tempo que falte para rematar o período ordinario.

TITULO III

ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS DOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 37.- Son órganos complementarios dos de goberno e representación da FGTM, para asistir ao Presidente:

- a) A Xunta Directiva
- b) O Secretario Xeral
- c) O Tesoureiro

Artigo 38.-

- 1) A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión da FGTM sendo os seus membros designados e revocados libremente polo Presidente. O número de membros será establecido pola Asemblea Xeral e non poderá ser inferior a 5 nin superior a 15.

O Presidente elixirá entre os membros da súa Xunta Directiva un Vicepresidente, que o será tamén da FGTM, que substituirá ao Presidente por Delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal, un Secretario que, á súa vez, o será da FGTM, así como o Tesoureiro.

Ditos cargos poderán ser removidos polo Presidente cando o considere conveniente.

Os membros da Xunta Directiva que non sexan da Asemblea Xeral, terán acceso ás sesións da mesma, co dereito a voz pero sen voto.

Tódolos cargos son honoríficos e, no caso de establecerse unha compensación económica a favor de algún dos membros da Xunta Directiva, deberá ser expresamente acordada pola Asemblea Xeral e constar dunha maneira diferenciada no Orzamento. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo a subvencións públicas que reciba a FGTM.

- 2) O Presidente da FGTM nomeará un Secretario, o que exercerá as funcións de fedatario e asesor, e mais especificamente:
 - a) Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación da FGTM, con indicación dos asistentes, temas tratados, o resultado das votacións e, no seu caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.
 - b) Expedir as certificacións oportunas das actas dos órganos de goberno e representación.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- c) Remitir á Secretaría Xeral para o Deporte as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no prazo de 15 días desde a data da súa celebración, así como as convocatorias das mesmas.
 - d) Cantas funcións lle encomenden os estatutos e regulamentos da FGTM, ou lle sexan delegadas polo Presidente.
- 3) O Tesoureiro da FGTM é o órgano de administración da mesma. Exercerá como funcións propias:
- a) Levar a contabilidade da FGTM.
 - b) Exercer a inspección económica de tódolos órganos da FGTM.
 - c) Elaborar e presentar informes á Comisión Delegada do estado contable da FGTM.

Artigo 39.- Para ser membro da Xunta Directiva non será necesario formar parte da Asemblea Xeral, pero si da FGTM.

Artigo 40.- Os membros da Xunta Directiva cesarán polas seguintes causas:

- a) Vacante na Presidencia, sen prexuízo da súa conversión en Comisión Xestora nos casos previstos nos estatutos.
- b) Dimisión.
- c) Morte ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Por incorrer en causa de inelixibilidade, ou incompatibilidade.
- e) Cesados directamente polo Presidente co cumprimento das comunicacións a que se refiren os presentes estatutos.

Artigo 41.- A Xunta Directiva como órgano colaborador do Presidente non terá competencias propias e exercerá por delegación, as que lle encomende o Presidente que poderá avocar e revocar en calquera momento.

Artigo 42.- Os asuntos ordinarios de trámite serán despachados polo Presidente e o Secretario.

TITULO IV

DOS ÓRGANOS TÉCNICOS E ASESORES

CAPITULO PRIMEIRO

COMSIÓNS EN XERAL

Artigo 43.- A FGTM poderá crear, previa aprobación pola Asemblea Xeral, cantas comisións técnicas precise, ademais das seguintes:

- a) Os Comités de Disciplina Deportiva seguintes:
 - Comité de Competición ou Xuíz Único.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- Comité de Apelación.
- b) Comité de Xuíces ou Árbitros.
- c) Comité Técnico.

Tódolos Comités se rexerán polos seus respectivos regulamentos internos e, no seu caso, pola normativa nacional unificada e emanada da Federación Española de Tenis de Mesa, pola lexislación aplicable, e polo disposto nos presentes estatutos.

Tódolos presidentes dos Comités serán nomeados polo presidente da FGTM. O Secretario da FGTM intervirá como Secretario de tódolos Comités sen voz e sen voto, salvo que fose membros dos mesmos.

CAPITULO SEGUNDO

COMITÉS DE XUICES OU ÁRBITROS

Artigo 44.- No seo da FGTM, constituirase, de xeito obrigatorio un Comité de Xuíces ou Árbitros, no que o Presidente será designado polo Presidente da FGTM.

Este Comité poderá adoptar a estrutura territorial da FGTM.

Serán funcións deste Comité as seguintes:

- a) Establecer os niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente os Xuíces ou Árbitros, en funcións de criterios prefixados pola Asemblea Xeral, propoñendo á Xunta Directiva a adscrición ás categorías correspondentes. Estas clasificacións comunicaranse á Asemblea Xeral.
- c) Propoñer os candidatos a Xuíces ou Árbitros nacionais.
- d) Propoñer á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitrase, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e) Designar os colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
- f) Colaborar cos órganos competentes da FGTM.

TITULO V

REXIME ELECTORAL

CAPITULO PRIMEIRO

OS CENSOS



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 45.- Compoñerán os censos correspondentes a cada estamento electoral todos os membros da FGTM que reúnan os requisitos establecidos para cada estamento nos presentes Estatutos e no Regulamento Electoral.

Artigo 46.- Os procesos electorais desenvolveranse conforme ao Regulamento Electoral que deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral, a proposta do Presidente, e regulará as seguintes cuestións:

- 1) Número de membros da Asemblea Xeral, circunscrición electoral e número de representantes que por cada circunscrición electoral corresponda a cada un dos estamentos.
- 2) Calendario electoral.
- 3) Censo electoral
- 4) Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
- 5) Requisitos para presentación e proclamación de candidatos. O remate para a presentación de candidatos a Presidente e membros da Asemblea Xeral non poderá ser inferior a 10 días.
- 6) Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións e reclamacións, así como os recursos electorais.
- 7) Regulación do voto por correo nas eleccións á Asemblea Xeral. Non se admitirá esta clase de voto nas eleccións á Comisión Delegada e Presidente.
- 8) Composición, competencia, funcionamento e ubicación das Mesas Electorais.
- 9) Elección de Presidente.
- 10) Elección da Comisión Delegada.

O Regulamento Electoral deberá ser ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

CAPITULO TERCEIRO

A COMISIÓN XESTORA

Artigo 47.- Acordada a convocatoria de eleccións pola Asemblea Xeral e aprobado o Regulamento Electoral, o Presidente procederá no prazo sinalado no mesmo á convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral. A partir dese intre, a Xunta Directiva, e o Presidente constituiranse en Comisión Xestora, e someteran o Regulamento Electoral a ratificación pola Secretaría Xeral para o Deporte.

A Comisión Xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea Xeral e Presidente, así como, do Regulamento Electoral coas medidas previstas nas disposicións federativas a través de un medio que permita asegurar a recepción de dita notificación. Deberá expoñerse o Regulamento Electoral en cada circunscrición electoral o mesmo día da convocatoria.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgfm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

A Comisión Xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de tres meses no caso de que non se presentara ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.

CAPITULO CUARTO

CIRCUNSCRIPCIÓN ELECTORAL

Artigo 48.- A Circunscrición electoral coincidirá co territorio da Delegación Zonal no caso da elección dos representantes polo estamento de Entidades deportivas.

Nos restantes estamentos haberá unha única circunscrición electoral que abarcará todo o territorio autonómico galego

CAPITULO QUINTO

XUNTA ELECTORAL

Artigo 49.-

- 1) A Xunta Electoral estará composta por tres persoas, un presidente e dos vocais, propoñeráos o Presidente á Asemblea Xeral, e deberá ser aprobada por maioría simple. De igual xeito actuarase para a determinación dos membros suplentes.
- 2) Actuará como Secretario da Xunta Electoral o que o sexa da FGTM, con voz pero sen voto.
- 3) Os membros da Xunta Electoral non poderán figurar como candidatos á Asemblea Xeral e á Presidencia da FGTM.
- 4) A Xunta Electoral controlará todo o proceso electoral e terá competencia para coñecer e resolver as incidencias e que se produzan sobre o Censo Electoral, presentación e proclamación de candidatos, proclamación de membros da Asemblea Xeral e Comisión Delegada e do Presidente da FGTM, así como a decisión de calquera outra cuestión que afecte directamente á celebración das eleccións e os seus resultados. Unha vez rematada a votación levantará acta da votación e o recuento e remitirá a Acta á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de 3 días.
- 5) As decisións da Xunta Electoral son executivas e formaranse por maioría dos votos.
- 6) Unha vez concluído o proceso electoral da Asemblea Xeral, do Presidente da FGTM e da Comisión Delegada, a Xunta Electoral disolverase.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CAPÍTULO SEXTO

MESAS ELECTORAIS

Artigo 50.- Para a elección dos distintos estamentos da Asemblea Xeral, do Presidente e da Comisión Delegada, constituirase unha ou varias mesas electorais na forma establecida no Regulamento Electoral. Os membros destas mesas non poderán ser candidatos, axustándose no seu funcionamento ás normas que se establezan no Regulamento Electoral.

CAPITULO SÉTIMO

RECURSOS

Artigo 51.- As reclamacións e impugnacións que se presenten contra calquera acto electoral dirixiranse á Xunta Electoral e contra o que esta resolva caberá recurso diante do Comité Galego de Disciplina Deportiva. Asemade caberá recurso diante do Comité Galego de Disciplina Deportiva, contra tódolos actos, acordos ou resolucións da Xunta Electoral ou calquera outro órgano ou membro da FGTM en materia electoral.

CAPITULO OITAVO

ELECCIÓN DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 52.-

- 1) Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos coincidindo cos Xogos Olímpicos de inverno mediante sufraxio libre, secreto, igual e directo entre e polos compoñentes dos distintos estamentos da FGTM.
- 2) As eleccións á Asemblea Xeral serán acordadas pola mesma que aprobará a convocatoria con tódolos requisitos que se establecerán no Regulamento Electoral, que asemade se aprobe.
- 3) Acordada pola Asemblea Xeral a convocatoria de eleccións, o acordo será formalmente executado polo Presidente da FGTM quen asinará a mesma.
- 4) Desde a convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral a Xunta Directiva e o Presidente constituiranse en Comisión Xestora, de acordo co disposto no artigo 47 dos presentes estatutos.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 53.- Para ser candidato a membros da Asemblea Xeral requírese o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter xeral no artigo 14.5 destes estatutos.

Os requisitos esixidos por ser electores ou elixíbeis deberá estar cumpridos no día no que se publique a convocatoria de eleccións.

Artigo 54.- As eleccións á Asemblea Xeral realizaranse para cada un dos postos correspondentes aos estamentos integrantes da mesma do acordo co previsto nestes estatutos.

Artigo 55.- Os representantes das entidades deportivas na Asemblea Xeral serán elixidos por e entre os representantes dos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que integran o censo de entidades deportivas inscritas no rexistro público da FGTM e no Rexistro de Clubs, Federacións e Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, no intre da convocatoria das eleccións e estivesen igualmente inscritos durante a tempada anterior, sempre que participaran polo menos nunha competición ou actividade de carácter oficial organizadas pola Federación ou pola Federación Española de Tenis de Mesa coa aprobación ou intervención daquela.

Artigo 56.- Os representantes dos deportistas na Asemblea Xeral serán elixidos por e entre os maiores de 18 anos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que teñan licenza e vigor, expedida pola FGTM no intre da convocatoria das eleccións e tamén a tivesen, ao menos, durante a tempada anterior, sempre que participasen polo menos nunha competición de carácter oficial organizada pola FGTM ou pola Federación Española de Tenis de Mesa, coa aprobación ou intervención daquela.

Artigo 57.- Os representantes dos Técnicos/Adestradores e dos Xuíces/Árbitros na Asemblea Xeral serán elixidos por e entre os maiores de 18 anos dos pertencentes a cada estamentos, calquera que sexa a súa categoría, dos que teñan licenza en vigor no intre da convocatoria das eleccións e tamén a tivesen, polo menos, durante a tempada anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola FGTM ou pola Federación Española de Tenis de Mesa, coa aprobación ou intervención daquela.

CAPITULO NOVENO

ELECCIÓN DE PRESIDENTE

Artigo 58.- Unha vez concluídas as eleccións á Asemblea Xeral, o Presidente da Comisión Xestora, previo acordo da mesma procederá inmediatamente á convocatoria de dita Asemblea para elixir ao Presidente e á Comisión Delegada da FGTM.

O Presidente será elixido para un período de catro anos, coincidindo cos anos nos que se celebren Xogos Olímpicos de Inverno, pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por tódolos membros de dita Asemblea Xeral previa á presentación e aceptación das candidaturas correspondentes que deberán estar avaladas



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

polo menos polo 10% de membros da Asemblea Xeral. Os candidatos a Presidente poderán non ser membros da Asemblea Xeral.

Artigo 59.- Será elixido Presidente o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos emitidos. No caso de que ningún candidato acade esta maioría procederase a unha segunda votación entre os dous candidatos mais votados, resultando elixido o que obteña a maioría dos votos.

No suposto de que se presentara un só candidato, non se efectuará votación, sendo proclamado Presidente o único candidato pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 60.- Para poder ser candidato a Presidente da FGTM, deberán de reunirse as seguintes condicións:

- a) Tela condición de cidadán de Galicia, segundo o que dispón o Estatuto de Autonomía.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c) Non estar incurso en ningunha sanción deportiva que o inhabilite, ditada polos órganos disciplinarios da FGTM ou polo Comité Galego de Disciplina Deportiva.
- d) Non ter sido condenado mediante sentenza xudicial firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.

Artigo 61.- A votación será libre, igual, secreta e directa, non admitíndose o voto por correo, nin por delegacións das persoas físicas.

CAPÍTULO DÉCIMO

ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA

Artigo 62.- Na mesma Asemblea Xeral convocada para a elección de Presidente, e unha vez realizada esta, procederase á elección dos membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.

A Comisión Delegada estará composta por 6 membros, e ademais o Presidente da FGTM.

Os membros da Comisión Delegada serán elixidos por e entre os integrantes da Asemblea Xeral.

Serán elixidos membros da Comisión Delegada os que obteñan maior número de votos ata cubrir o número de membros necesarios.

TÍTULO VI

RÉXIME ECONÓMICO



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 63.- A FGTM está sometida ao réxime de administración, presuposto e patrimonio propio e caixa única.

O Tesoureiro someterá, á Asemblea Xeral ordinaria un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, memoria económica, así como o presuposto para a tempada seguinte, balance e presuposto que deberá ser notificado á Secretaría Xeral para o Deporte.

Non se poderá aprobar un presuposto deficitario agás autorización da Secretaría Xeral para o Deporte. Tampouco se poderán repartir beneficios entre os seus membros.

A FGTM eleborará unha Memoria que analizará fielmente a actividade económica da FGTM, a súa axeitada actuación orzamentaria, o incumprimento dos obxectivos e os proxectos a desenvolver, e informará separadamente como mínimo sobre os seguintes aspectos:

- 1) Diferenciación dos ingresos e achegas segundo:
 - a) Subvencións públicas.
 - b) Subvencións, donativos ou achegas privadas.
 - c) Venda de activos.
 - d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.
 - e) Ingresos para servizos prestados pola FGTM, permisos, licenzas e outros.
 - f) Ingresos financeiros.
- 2) Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mínimo os grupos de custe ou investimentos seguintes:
 - a) Administración da FGTM.
 - b) Dirección e servizos da Directiva, incluíndo viaxes.
 - c) Competicións.
 - d) Axudas a clubs e outras entidades.
 - e) Axudas para actos deportivos.
 - f) Construcións e outros inmovilizados.
 - g) Formación de deportistas e técnicos.
 - h) Deportes de elite e profesional.
 - i) Árbitros.
 - j) Órganos xurisdicionais.
- 3) O importe das obrigacións de pagamento que é preciso realizar noutros exercicios que non estean previstos no balance.
- 4) O importe das garantías e os avais comprometidos.
- 5) A liquidación do presuposto, que explique as variacións en relación co presuposto aprobado na Asemblea anterior.

As contas anuais e os presupostos estarán no domicilio social da FGTM cunha antelación mínima de 15 días á data de celebración da Asemblea Xeral, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto na mesma, as que poderán pedir copia que se lles entregará antes da celebración da Asemblea.

Artigo 64.- Forman os ingresos da FGTM:



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

- a) As subvencións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Galicia ou as que outras Entidades Públicas poidan concederlle, así como as que proveñan, no seu caso, da Federación Española de Tenis de Mesa.
- b) Os bens ou dereitos que reciba por herdanza, legado ou achega de persoas físicas ou entidades particulares así como os premios que lle sexan outorgados.
- c) As cotas dos seus afiliados.
- d) As sancións pecuniarias que se lle impoñan aos seus afiliados dentro do exercicio da potestade disciplinaria.
- e) Os froitos, rendas e intereses dos seus bens patrimoniais.
- f) Os préstamos ou créditos que se lle concedan.
- g) Os beneficios que produzan as actividades e competicións deportivas que organice, así como os derivados dos contratos que realice.
- h) Calquera outros que poidan serlle atribuídos por disposición legal ou en virtude de convenio.

Artigo 65.- A FGTM destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto social.

Artigo 66.- A xestión económica ordinaria correrá a cargo do Tesoureiro, baixo a dirección do Presidente, coidando das operacións de cobros e pagamentos. Autorizará coa súa sinatura, mancomunada coa do Presidente, ou coa do Vicepresidente autorizado, tódolos documentos de movementos de fondos. Será responsable de levar e custodiar os libros de contabilidade. Formulará os balances que anualmente, deberán presentarse á Asemblea Xeral para a súa aprobación.

TITULO VII

RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 67.- O réxime documental da FGTM comprenderá, como mínimo, os seguintes libros debidamente dilixenciados:

- a) Libro de rexistro de entrada e saída de documentos e comunicacións oficiais.
- b) Libros de rexistro de clubs nos que constará a denominación deste, domicilio social e número de inscrición no rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
- c) Libros de actas que consignarán as reunións que celebren tódolos órganos colexiados da FGTM, tanto de goberno e representación como complementarios e técnicos.
- d) Libros de contabilidade.
- e) Libro inventario de bens móbeis e inmóbeis.
- f) Rexistro dos membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada e no que deberán constar os nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para as citacións e comunicacións.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 68.- O réxime documental da FGTM estará a cargo do Secretario, a quen lle corresponde a custodia dos libros da FGTM, levantar actas das reunións dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinalas co visto e praxe do Presidente, expedir certificacións, remitir as certificacións e acordos que procedan á Secretaría Xeral para o Deporte e, en xeral preparar a resolución e despacho de tódolos asuntos.

No caso de ausencia ou incompatibilidade física do Secretario, as súas funcións serán desempeñadas polo propio Presidente da FGTM ou pola persoa en quen delegue.

TITULO VIII

RÉXIME DISCIPLINARIO E XURISDICCIONAL

Artigo 69.- A FGTM en materia disciplinaria deportiva, ten potestade sobre todas as persoas que formen parte da súa estrutura orgánica, as entidades deportivas e os seus deportistas, técnicos e directivos, os xuíces e árbitros e, en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, estando federados, desenvolven a actividade deportiva que constitúe o seu obxecto social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 70.- Os órganos competentes en materia disciplinaria serán:

- a) En primeira instancia un Comité de Competición ou Xuíz Único de Competición.
- b) En segunda instancia, un Comité de Apelación.

Ámbolos dous órganos rexeranse polo disposto no Real Decreto 1591/1992 de 23 de decembro, sobre Disciplina Deportiva, aplicando todo o disposto no mesmo.

O Comité de Competición ou Xuíz Único de Competición estará integrado por un número de membros entre 1 e 3 nomeados pola Asemblea Xeral de entre os membros da FGTM.

O Comité de Apelación estará integrado por 3 membros, asemade nomeados pola Asemblea Xeral entre os membros da FGTM.

A duración do cargo coincidirá coa da Asemblea Xeral que os nomeou e durante dito período só cesarán por renuncia ou dimisión, morte, incapacidade física ou psíquica, perda da condición de membro da FGTM, e sanción que o inhabilite para o cargo.

Unha vez elixidos os membros dos Comités, estes designarán aos seus Presidentes nas primeiras reunións que celebren.

A composición deste Comités será comunicada á Secretaría Xeral para o Deporte na forma prevista nestes estatutos.

Artigo 71.- As resolucións ditadas polo Comité de Apelación dentro das súas competencias, terán carácter definitivo no ámbito da FGTM e poderán ser recorridas diante do Comité Galego de Disciplina Deportiva, conforme á lexislación vixente.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA**

Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Tel: 986227189
Fax: 986223790
Móbil: 630586804
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretariafgtm@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

TITULO IX

DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DA DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS DE MESA

Artigo 72.- Os estatuto da FGTM só poden ser modificados pola Asemblea Xeral e de acordo co establecido nos presentes estatutos.

Artigo 73.- A proposta de modificación dos estatutos deberá ser acordada polo Presidente ou Comisión Delegada da FGTM, nomeándose seguidamente pola mesma unha comisión técnica que realice os traballos precisos para presentar á Asemblea o novo texto que se someterá a aprobación.

Aprobada a reforma dos estatutos pola Asemblea Xeral deberá ser ratificada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 74.- A FGTM extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por acordo da maioría dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral referendado, por maioría absoluta, por tódolos membros da FGTM a través de votación libre, igual, directa e secreta.
- b) Polas demais causas que determinen as Leis.

Unha vez producida a liquidación, o patrimonio neto destinarase aos fins de carácter deportivo que determine a Secretaría Xeral para o Deporte.

Traducidos por:

manolo fernández